

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

5339 *Real decreto 195/2016, do 13 de maio, polo que se establecen os requisitos para a expedición do suplemento europeo ao título universitario de doutor.*

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, aprobouse para desenvolver a estrutura das ensinanzas universitarias oficiais, de acordo coas liñas xerais emanadas do Espazo Europeo de Educación Superior e de conformidade co previsto no artigo 37 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, após a súa modificación do ano 2007.

Posteriormente, aprobouse o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais, que inclúe as normas sobre expedición dos títulos correspondentes ás ensinanzas universitarias contidas no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro. En concreto, as relativas aos requisitos e ao procedemento para a expedición dos títulos correspondentes ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, máster e doutoramento.

Polo seu lado, o Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, estableceu unha nova organización dos estudos de doutoramento correspondentes ao terceiro ciclo das ensinanzas universitarias oficiais conducentes á obtención do título de doutor, de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e, en consecuencia, derogou o capítulo V do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, relativo ás ensinanzas de doutoramento.

Tamén no ano 2011 se aprobou o Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior (Meces) e a descrición dos seus niveis (técnico superior, grao, máster e doutor), cuxa finalidade é permitir a clasificación, comparabilidade e transparencia das cualificacións da educación superior no sistema educativo español.

A normativa para a expedición do suplemento europeo aos títulos de grao e máster quedou fixada no Real decreto 22/2015, do 23 de xaneiro, polo que se establecen os requisitos de expedición do suplemento europeo aos títulos regulados no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e se modifica o Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior.

O suplemento europeo ao título é o documento que acompaña o título universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional coa información unificada, personalizada para cada titulado universitario, sobre os estudos cursados, os resultados obtidos, as capacidades profesionais adquiridas e o nivel da súa titulación no sistema nacional de Educación Superior.

Para completar o marco normativo fixado no Real decreto 22/2015, do 23 de xaneiro, o presente real decreto ten por obxecto a regulación dos requisitos e o procedemento para a expedición do suplemento europeo ao título de doutor obtido conforme as ensinanzas oficiais de doutoramento reguladas no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, a fin de promover a mobilidade de titulados no Espazo Europeo de Educación Superior, incluída a expedición dos suplementos europeos aos títulos de doutor do programa Erasmus Mundus e sucesivos.

Por outro lado, o presente real decreto modifica o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, en materia de recoñecemento de créditos nas titulacións de grao e prohibición de verificar novos plans de estudo de titulacións universitarias que non superaron a renovación da acreditación.

En concreto, en materia de recoñecemento de créditos nas titulacións de grao, aclárase que sempre que o título a que se pretende acceder pertenza á mesma rama de

coñecemento, será obxecto de recoñecemento un número de créditos que sexa, ao menos, o 15 por cento do total dos créditos do título, correspondentes a materias de formación básica da dita rama. Ben que é certo que o Goberno está en funcións, o exercicio da potestade regulamentaria faise necesario para garantir a seguranza xurídica na interpretación da normativa en materia de ordenación universitaria. Atrasar estas modificacións normativas dificulta, no ámbito da comunidade universitaria, a aplicación do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

Así mesmo, introdúcese un número 10 no artigo 27 que contén a prohibición de verificar novos plans de estudo de titulacións universitarias que non superaron a renovación da acreditación. Esta prohibición é de aplicación nos dous anos naturais seguintes ao momento en que non se superou a renovación da acreditación. O Goberno en funcións ten a obriga legal de garantir a efectividade das avaliacións que se realizan no sistema educativo español; por isto se fai imprescindible non atrasar a aprobación desta disposición normativa.

Así mesmo, modifica o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, cunha dobre finalidade: en primeiro lugar, para recoller a prohibición de expedir títulos universitarios coa mesma denominación, así como outras precisións no modelo do título, e, en segundo lugar, para que poida ser obxecto de aplicación ás ensinanzas que se inclúen no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro.

Coa modificación que se realiza do Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, o Goberno quere evitar que o estudante universitario poida cursar dúas ou tres titulacións universitarias de grao ou máster coa mesma denominación pero distintas mencións. O Goberno quere clarear o antes posible unha situación que xera inseguranza xurídica pola falta de regulación expresa. A intención do lexislador é que un título universitario de grao ou máster poida ter unha ou varias mencións ou especialidades, e que estas mencións ou especialidades poidan ser cursadas polos estudantes. O que o lexislador quere evitar é a expedición de títulos universitarios de grao ou máster coa mesma denominación e distintas mencións ou especialidades, cando os plans de estudos son os mesmos e simplemente varían as mencións ou especialidades que se cursan, así como os estudos asociados á dita mención ou especialidade.

Pola súa vez, introdúcese as seguintes mencións e regulacións: doutoramento internacional e doutoramento industrial. Tamén se introduce a dilixencia de cotutela internacional no título universitario oficial de doutor. A realidade social en que os egresados universitarios teñen que operar fai necesario que o Goberno regule as mencións e requisitos de ordenación do doutoramento internacional e do doutoramento industrial, así como a dilixencia de cotutela internacional para garantir os dereitos dos titulados universitarios españois no Espazo Europeo de Educación Superior.

A introdución das mencións doutoramento internacional e doutoramento industrial está xustificada por razóns de interese xeral. Como queira que estas dúas mencións son consecuencia da expresa regulación destes dous tipos de doutoramento no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, faise necesario incluír esa denominación no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, precisamente para que sexa posible levar a cabo a expedición do correspondente título de doutor.

Canto á introdución da dilixencia de cotutela internacional no título universitario oficial de doutor, tamén está xustificada por razóns de interese xeral. Como queira que o doutoramento en réxime de cotutela internacional é obxecto de regulación no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, cómpre que sexa obxecto de regulación a dilixencia no título universitario no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto; no contrario, non será posible levar a cabo a expedición do correspondente título universitario de doutor con esa dilixencia.

Neste proxecto normativo tamén se regula a certificación supletoria provisoria do título universitario de doutor. A posibilidade de expedir a certificación supletoria provisoria está xustificada por razóns de interese xeral. É un medio provisoria de acreditar estar en posesión dos estudos de doutoramento.

Esta certificación substitúe, de forma temporal, a expedición do título de doutor, de acordo co previsto na nova ordenación universitaria. Se non se regula de forma expresa nun real decreto a certificación supletoria provisoria, non será posible levar a cabo a expedición deste tipo de documento en favor do cidadán e afectaranse gravemente os dereitos de que é titular o cidadán, porque non ten forma de acreditar que está en posesión duns estudos de doutoramento que superou.

Por outro lado, este real decreto modifica determinados aspectos do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais de doutoramento: en primeiro lugar, os relativos á asignación de director de tese e seguimento e avaliación do doutorando. Fanse visibles os doutoramentos en cotutela internacional e aparece unha nova mención do título de doutor, a do doutoramento industrial, co fin de estimular a participación das empresas en programas de doutoramento. En segundo lugar, precísanse as súas definicións, ampliáanse os supostos de acceso a estudos de doutoramento á posesión dun título universitario oficial que obtivese a correspondencia ao nivel 3 do Marco español de cualificacións para a educación superior, e modifícase a existencia de complementos formativos específicos para o acceso ao doutoramento. Por último, no que concirne á supervisión e ao seguimento do doutoramento, regúlase a asignación do director de tese, o documento de actividades, o plan de investigación e a figura da codirección de tese.

Modifícase o artigo 11 do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, que regula a supervisión e o seguimento do doutoramento. O Goberno quere regular os dereitos dos estudantes que acceden aos estudos de doutoramento; a regulación destes dereitos é unha garantía do estudante para a consecución dos fins propios de calquera programa de doutoramento.

A realización dos estudos de doutoramento require que o estudante sexa obxecto dunha especial tutela da universidade, polo departamento en que se realizan os estudos de doutoramento, en definitiva, pola comunidade académica. A Administración quere concretar cales son as distintas fases que seguirá o estudante nos estudos de doutoramento. Isto permite ao estudante coñecer con precisión e certeza cales son os pasos que ten que seguir para poder obter o título universitario oficial de doutor.

Neste proxecto normativo tamén se regula a figura da codirección da tese. Con esta modificación normativa precísase, con maior claridade, a posibilidade dunha codirección da tese de doutoramento e, de modo específico, indícase que a autorización para a codirección ten que ser obxecto de autorización da comisión académica, o que dota de maior seguranza xurídica a ordenación normativa dos programas de doutoramento.

Nun contexto globalizado en que os estudantes universitarios se moven no Espazo Europeo de Educación Superior, cómpre que o Estado regule a mención internacional do título de doutor e que o faga coa maior urxencia posible, indicando cales son os requisitos para cursar estudos deste tipo. O estudante ten que ter seguranza xurídica cuanto aos estudos de doutoramento que está a realizar e está no seu dereito de exixir ao Estado que regule os aspectos de fondo e forma que configuran os seus estudos de doutoramento.

Na actualidade hai universidades que poden introducir nos seus estudos de doutoramento o concepto de doutoramento industrial. Se o Real decreto de doutoramento 99/2011, do 28 de xaneiro, non prevé de forma expresa este tipo de doutoramento, o único que fai o Estado é prexudicar os estudantes que poden cursar este tipo de estudos universitarios, por canto non se lles recoñece no título a mención de doutor industrial. Este tipo de doutoramentos realizaríanse coa colaboración do tecido empresarial para garantir os lazos entre o mundo académico e o mundo empresarial, xa sexa este empresa pública ou empresa privada.

O proxecto someteuse ao Consello de Universidades e á Conferencia Xeral de Política Universitaria. Así mesmo, conta co informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co

Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de maio de 2016,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto a regulación dos requisitos e o procedemento para a expedición do suplemento europeo ao título de doutor obtido conforme as ensinanzas oficiais de doutoramento reguladas no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, a fin de promover a mobilidade de titulados no Espazo Europeo de Educación Superior, incluída a expedición dos suplementos europeos aos títulos de doutor do programa Erasmus Mundus e sucesivos.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As disposicións contidas no presente real decreto serán de aplicación á expedición do suplemento europeo ao título de doutor expedido polas universidades españolas públicas e privadas.

CAPÍTULO II

Expedición do suplemento europeo ao título de doutor

Artigo 3. *Suplemento europeo ao título de doutor.*

O suplemento europeo ao título de doutor é o documento que acompaña o mencionado título universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional coa información unificada, personalizada para cada titulado universitario, sobre o programa seguido, os resultados obtidos, as capacidades profesionais adquiridas e o nivel da súa titulación no Sistema nacional de educación superior.

Artigo 4. *Expedición.*

A expedición do suplemento europeo ao título de doutor, así como o relativo ao contido, características do soporte documental e personalización do documento, e formato electrónico, axustaranse ás normas establecidas no Real decreto 22/2015, do 23 de xaneiro, polo que se establecen os requisitos de expedición do suplemento europeo ao título e se modifica o Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o marco español de cualificacións para a educación superior.

Non obstante, o suplemento europeo ao título de doutor expedirase de acordo co modelo establecido no anexo I do presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.*

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modifícase nos seguintes termos:

Un. A alínea a) do artigo 13 queda redactada como segue:

«a) Sempre que o título a que se pretende acceder pertenza á mesma rama de coñecemento, será obxecto de recoñecemento un número de créditos que sexa,

ao menos, o 15 por cento do total dos créditos do título, correspondentes a materias de formación básica desa rama.»

Dous. Engádesse un número 10 ao artigo 27.bis coa seguinte redacción:

«10. As universidades non poderán tramitar un novo título coa mesma ou equivalente denominación que o título que non superou a renovación da acreditación nos dous anos naturais seguintes ao momento en que non se superou a renovación da acreditación.

Esta prohibición tamén será de aplicación a aquelas titulacións universitarias que teñan a mesma ou equivalente denominación que outras titulacións universitarias que, sen teren seguido o procedemento de renovación da acreditación, se declaren a extinguir. O prazo de dous anos naturais computarase a partir do momento en que se declare a extinción da titulación universitaria que tería que ter seguido o procedemento de renovación da acreditación.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais.*

O Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 5, que queda redactado do seguinte modo:

«4. Nos supostos en que se acredite a superación de máis dunha mención vinculada a un mesmo título de grao, procederá a expedición dun único título de graduado ou graduada, en cuxo anverso figurará unha delas e as restantes faranse constar no reverso. Non poderán ser expedidos dous ou máis títulos universitarios coa mesma denominación de graduado ou graduada en T, con mención, se for o caso, en M, por distintas universidades U, sendo T a denominación específica do grao, M a correspondente á mención e U a denominación das universidades que o expiden.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 8, que queda redactado do seguinte modo:

«4. Nos supostos en que se acredite a superación de máis dunha especialidade vinculada a un mesmo título de máster universitario, procederá a expedición dun único título en cuxo anverso figurará unha delas e as restantes faranse constar no reverso. Non poderán ser expedidos dous ou máis títulos universitarios coa mesma denominación de máster universitario en T, con especialidade, se for o caso, en E, por distintas universidades U, sendo T a denominación específica do máster universitario, E a correspondente á especialidade e U a denominación das universidades que o expiden.»

Tres. Modifícase o número 5 e engádesse un novo número 6 ao artigo 11, coa seguinte redacción:

«5. No anverso do título de doutor poderá figurar a mención “doutoramento internacional” sempre que concorran as circunstancias establecidas para o efecto no artigo 15 do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.

Así mesmo, no anverso do título de doutor poderá figurar a mención “doutoramento industrial”, sempre que concorran as circunstancias establecidas para o efecto no artigo 15 bis do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.»

«6. No suposto de que a tese de doutoramento se realice codirixida ou cotutelada por dous ou máis doutores dunha universidade española e outra estranxeira, conforme o previsto no artigo 15.2 do Real decreto 99/2011, do 28 de

xaneiro, e non estea enmarcada nun programa conxunto, no anverso do título farase constar unha dilixencia co seguinte texto: “Tese en réxime de cotutela coa Universidade U.”»

Catro. Dáse unha nova redacción ao número 2 do artigo 14, que queda redactado como segue:

«2. Unha vez completado o expediente a que se refire o número anterior, a universidade expedirá unha certificación supletoria provisoria que substituirá o título e gozará de idéntico valor para efectos do exercicio dos dereitos a el inherentes, en canto non se produza a súa expedición material. A dita certificación incluírá os datos esenciais que deben figurar no título correspondente e o número de rexistro nacional de titulados universitarios oficiais, e será asinada polo reitor.

A certificación supletoria provisoria terá unha validez dun ano desde a data de emisión da certificación. Este prazo de validez deberá constar na propia certificación supletoria provisoria e será prorrogable cando, por causas técnicas, a universidade non puidese expedir o título.»

Cinco. Modifícase a alínea g) do número 1 do artigo 17, que queda redactada do seguinte modo:

«g) Se procede, inclusión da mención “cum laude”, así como da mención “doutoramento internacional” ou mención “doutoramento industrial”.»

Seis. As referencias feitas ao artigo 3.4 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, entenderanse feitas ao artigo 8.2 do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.

Sete. Modifícanse os anexos VII, VIII e IX no relativo ás referencias a Juan Carlos I, rei de España, que se entenderán feitas a Felipe VI, rei de España, e quedan como segue:

ANEXO VII**Modelo de título de doutor ou doutora**

Felipe VI, rei de España
e no seu nome

Escudo ou emblema
da universidade

O/A reitor/a da universidade

Considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, Don/Dona, nacido/a o (1)¹, en (2)², de nacionalidade (3)³ superou en (4)⁴, os estudos conducentes ao TÍTULO universitario oficial de DOUTOR/A pola Universidade de dentro do programa (5)⁵, establecido polo Acordo do Consello de Ministros do (6)⁶, expide o presente título oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para desfrutar dos dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

(Indíquense, se for o caso, mencións: “cum laude”, “doutoramento internacional”, “doutoramento industrial”)

Dado en, de de

O/A interesado/a

O/A reitor/a

O/A xefe/a da secretaría

(Inclúase, se for o caso, a
diligencia de cotutela- art. 10.2)

¹ Data de nacemento en formato “DD de MES de AAAA”

² Localidade de nacemento

³ Nacionalidade do/da interesado/a


⁴ Data de finalización do programa en formato “MES de AAAA”

⁵ Indíquese denominación do programa de doutoramento

⁶ Data do Acordo do Consello de Ministros en formato “DD de MES de AAAA”

ANEXO VIII

**Modelo de título conxunto de doutor ou doutora obtido despois da
superación dun programa de doutoramento conxunto entre universidades
españolas**

	Felipe VI, rei de España e no seu nome	Escudo ou emblema da universidade
O/Os reitores/as das universidades		
Considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, Don/Dona, nacido/a o (7) ⁷, en (8) ⁸, de nacionalidade (9) ⁹, superou en (10) ¹⁰, os estudos conducentes ao TÍTULO universitario oficial de DOUTOR/A polas citadas universidades dentro do programa conxunto (11) ¹¹, establecido polo Acordo de Consello de Ministros do (12) ¹², expiden o presente título oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para desfrutar dos dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.		
(Indíquense, se for o caso, mencións: “cum laude”, “doutoramento internacional”, “doutoramento industrial”)		
Dado en, de de		
O/A interesado/a	O/A reitor/a	O/A xefe/a da secretaría

⁷ Data de nacemento en formato “DD de MES de AAAA”

⁸ Localidade de nacemento

⁹ Nacionalidade do/da interesado/a

¹⁰ Data de finalización do programa en formato “MES de AAAA”

¹¹ Indíquese denominación do programa de doutoramento

¹² Data do Acordo do Consello de Ministros en formato “DD de MES de AAAA”

ANEXO IX

**Modelo de título conxunto de doutor ou doutora obtido despois da
superación dun programa de doutoramento conxunto entre universidades
españolas e estranxeiras**



Felipe VI, rei de España

e no seu nome

Escudo ou emblema da universidade

O/A reitor/a da universidade (ou, se for o caso, reitores
das universidades españolas que participan no convenio)

Considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente,
Don/Dona nacido/a o (13)¹³
en (14)¹⁴, de nacionalidade (15)¹⁵
superou en (16)¹⁶, os estudos conducentes ao TÍTULO universitario
oficial de DOUTOR/A pola/s citada/s universidade/s española/s e (17)¹⁷
dentro do programa conxunto (18)¹⁸ establecido polo
Acordo do Consello de Ministros de (19)¹⁹, expide/n o presente título
oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para desfrutar os
dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

(Indíquense, se for o caso, mencións: “cum laude”, “doutoramento internacional”,
“doutoramento industrial”)

Dado en, de de

O/A interesado/a

O/A reitor/a,
Os/As reitores/as

O/A xefe/a da secretaría

¹³ Data de nacemento en formato “DD de MES de AAAA”

¹⁴ Localidade de nacemento

¹⁵ Nacionalidade do/da interesado/a

¹⁶ Data de finalización do programa en formato “MES de AAAA”

¹⁷ Nome e localización da/s universidade/s estranxeira/s

¹⁸ Indíquese denominación do programa de doutoramento

¹⁹ Data do Acordo do Consello de Ministros en formato “DD de MES de AAAA”

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.*

O Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, modifícase nos seguintes termos:

Un. Dáse unha nova redacción ao artigo 2, que queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Definicións.*

1. Enténdese por doutoramento o terceiro ciclo de estudos universitarios oficiais, conducente á adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación científica de calidade.

2. Denomínase programa de doutoramento un conxunto de actividades conducentes á adquisición das competencias e habilidades necesarias para a obtención do título de doutor. Este programa terá por obxecto o desenvolvemento dos distintos aspectos formativos do doutorando e establecerá os procedementos e liñas de investigación para o desenvolvemento de teses de doutoramento.

3. Ten a consideración de doutorando quen, logo de acreditación dos requisitos establecidos no presente real decreto, foi admitido a un programa de doutoramento e matriculouse nel.

4. O director de tese é o máximo responsable na condución do conxunto das tarefas de investigación do doutorando, nos termos previstos no artigo 12 desta norma.

5. O titor é o responsable da adecuación da formación e da actividade investigadora aos principios dos programas e, se for o caso, das escolas de doutoramento.

6. A comisión académica de cada programa é a responsable da súa definición, actualización, calidade e coordinación, así como da supervisión do progreso da investigación e da formación e da autorización da presentación de teses de cada doutorando do programa.

7. Enténdese por documento de actividades do doutorando o rexistro individualizado de control das ditas actividades, materializado no correspondente soporte. O director de tese e o titor revisarán o dito documento. A comisión académica avaliarao anualmente.

8. Enténdese por escola de doutoramento a unidade creada por unha ou varias universidades e en posible colaboración con outros organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, nacionais ou estranxeiras, que ten por obxecto fundamental a organización dentro do seu ámbito de xestión do doutoramento, nunha ou varias ramas de coñecemento ou con carácter interdisciplinar.»

Dous. Engádesse unha alínea f) ao número 2 do artigo 6, coa seguinte redacción:

«f) Estar en posesión dun título universitario oficial que obtivese a correspondencia ao nivel 3 do Marco español de cualificacións para a educación superior, de acordo co procedemento establecido no Real decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e a declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos extranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do Marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de arquitecto, enxeñeiro, licenciado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico e diplomado.»

Tres. Modifícase o artigo 11, que queda redactado como segue:

«Artigo 11. *Supervisión e seguimento do doutoramento.*

1. Os doutorandos admitidos nun programa de doutoramento matricularanse anualmente na universidade correspondente, na súa escola de doutoramento ou na

unidade responsable do programa polo concepto de tutela académica do doutoramento. Cando se trate de programas conxuntos, o convenio determinará a forma en que se deberá levar a cabo a matrícula.

2. As persoas incorporadas a un programa de doutoramento someteranse ao réxime xurídico, no seu caso contractual, que resulte da lexislación específica que lles sexa de aplicación.

3. No momento de admisión no programa de doutoramento, a cada doutorando seralle asignado pola correspondente comisión académica un director de tese. A asignación poderá recaer sobre calquera doutor español ou estranxeiro, con experiencia acreditada investigadora, con independencia da universidade, centro ou institución en que preste os seus servizos. Así mesmo, seralle asignado un titor, doutor con acreditada experiencia investigadora, ligado á unidade ou á escola que organiza o programa, a quen corresponderá velar pola interacción do doutorando coa comisión académica. O titor poderá ser coincidente ou non co director da tese de doutoramento.

No caso de que non se asigne un director de tese no momento da admisión, a comisión académica designará un director de tese no prazo máximo de tres meses despois da matriculación.

4. A comisión académica, unha vez oído o doutorando, poderá modificar o nomeamento do titor ou do director de tese dun doutorando en calquera momento do período de realización do doutoramento, sempre que concorran razóns xustificadas.

5. Unha vez matriculado no programa, materializarase para cada doutorando o documento de actividades personalizado para efectos do rexistro individualizado de control a que se refire o artigo 2.7 deste real decreto. Nel inscribíranse todas as actividades de interese para o desenvolvemento do doutorando segundo regule a universidade, a escola ou a propia comisión académica, e será regularmente revisado polo titor e o director de tese e supervisado anualmente pola comisión académica responsable do programa de doutoramento a que se refire o artigo 8.3.

6. Antes da finalización do primeiro ano, o doutorando elaborará un plan de investigación que incluírá, ao menos, a metodoloxía que se utilizará e os obxectivos que se pretenden atinxir, así como os medios e a planificación temporal para logralo. O dito plan poderase mellorar e detallar ao longo da súa estadía no programa e debe estar avalado polo director e polo titor.

7. Anualmente, a comisión académica do programa avaliará o plan de investigación e o documento de actividades xunto cos informes que para tal efecto deberán emitir o director e o titor. No caso de que a comisión académica detecte carencias importantes, poderá solicitar que o doutorando presente un novo plan de investigación no prazo de seis meses. No suposto de que as carencias se sigan producindo, a comisión académica deberá emitir un informe motivado e o doutorando causará baixa definitiva no programa.

8. As universidades establecerán as funcións de supervisión dos doutorandos mediante un compromiso documental asinado pola universidade, o doutorando, o seu titor e o seu director na forma que se estableza. Este compromiso será rubricado o antes posible despois da admisión e deberá incluír un procedemento de resolución de conflitos e abranguer os aspectos relativos aos dereitos de propiedade intelectual ou industrial que se poidan xerar no ámbito de programas de doutoramento.

9. As universidades, a través da escola de doutoramento ou da correspondente unidade responsable do programa de doutoramento, establecerán os mecanismos de avaliación e seguimento indicados anteriormente, a realización da tese no tempo proxectado e os procedementos previstos en casos de conflito e aspectos que afecten o ámbito da propiedade intelectual, de acordo co establecido no parágrafo anterior.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 12, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. De acordo co establecido no artigo 11.3, a universidade asignará ao doutorando un director para a elaboración da tese de doutoramento que será o

máximo responsable da coherencia e idoneidade das actividades de formación, do impacto e novidade no seu campo da temática da tese de doutoramento e da guía na planificación e na súa adecuación, se for o caso, á doutros proxectos e actividades en que se inscriba o doutorando. A tese poderá ser codirixida por outros doutores cando concorran razóns tales como razóns de índole académica ou de interdisciplinidade temática, ou cando se trate de programas desenvolvidos en colaboración nacional ou internacional.

Para a codirección da tese será necesaria a autorización previa da comisión académica. Esta autorización poderá ser revogada con posterioridade se, a xuízo da comisión académica, a codirección non beneficia o desenvolvemento da tese.»

Cinco. Modifícase o artigo 15, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 15. *Mención internacional no título de doutor e teses en réxime de cotutela internacional.*

1. O título de doutor poderá incluír no seu anverso a mención “doutoramento internacional” sempre que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que, durante o período de formación necesario para a obtención do título de doutor, o doutorando realizase unha estadía mínima de tres meses fóra de España nunha institución de ensino superior ou centro de investigación de prestixio, cursando estudos ou realizando traballos de investigación. A estadía e as actividades deben ser avaladas polo director e autorizadas pola comisión académica, e incorporaranse ao documento de actividades do doutorando.

b) Que parte da tese de doutoramento, ao menos o resumo e as conclusións, se redactase e presentase nunha das linguas habituais para a comunicación científica no seu campo de coñecemento, distinta a calquera das linguas oficiais ou cooficiais de España. Esta norma non será de aplicación cando as estadías, informes e expertos procedan dun país de fala hispana.

c) Que a tese recibise informe dun mínimo de dous expertos doutores pertencentes a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación non española.

d) Que ao menos un experto pertencente a algunha institución de educación superior ou centro de investigación non española, co título de doutor e distinto do responsable da estadía mencionada na alínea a), formase parte do tribunal avaliador da tese.

2. O título de doutor incluírá no seu anverso a dilixencia “Tese en réxime de cotutela coa universidade U”, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que a tese de doutoramento estea supervisada por dous ou máis doutores de dúas universidades, unha española e outra estranxeira, que deberán formalizar un convenio de cotutela.

b) Que, durante o período de formación necesario para a obtención do título de doutor, o doutorando realizase unha estadía mínima de seis meses na institución con que se establece o convenio de cotutela levando a cabo traballos de investigación, ben nun só período ou en varios. As estadías e as actividades serán reflectidas no convenio de cotutela.»

Seis. Introdúcese un novo artigo 15 bis nos seguintes termos:

«Artigo 15 bis. *Mención industrial no título de doutor.*

1. Outorgarase a mención “doutoramento industrial” sempre que concorran as seguintes circunstancias:

a) A existencia dun contrato laboral ou mercantil co doutorando. O contrato poderao celebrar unha empresa do sector privado ou do sector público, así como unha Administración pública.

b) O doutorando deberá participar nun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental que se realice na empresa ou Administración pública en que se preste o servizo, que non poderá ser unha universidade. O proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental en que participe o doutorando ten que ter relación directa coa tese que realiza. Esta relación directa acreditarase mediante unha memoria que terá que ser visada pola universidade.

2. No caso de que o proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental se execute en colaboración entre a universidade e a empresa ou Administración pública en que preste servizo o doutorando, subscribírase un convenio de colaboración marco entre as partes. Neste convenio indicaranse as obrigacións da universidade e as obrigacións da empresa ou Administración pública, así como o procedemento de selección dos doutorandos.

O doutorando terá un titor de tese designado pola universidade e un responsable designado pola empresa ou Administración pública, que poderá ser, se for o caso, director da tese de acordo coa normativa propia de doutoramento.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e a declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos extranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do Marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de arquitecto, enxeñeiro, licenciado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico e diplomado.*

Se modifica o Real decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos extranxeiros de Educación Superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do Marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de arquitecto, enxeñeiro, licenciado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico e diplomado, nos seguintes termos:

Un. Suprímese a alínea c) do punto 2 do artigo 3.

Dous. O artigo 3.2.d) pasa a ser o artigo 3.2.c).

Tres. O artigo 3.2.e) pasa a ser o artigo 3.2.d).

Catro. Engádesse no artigo 3 un novo número 3 coa seguinte redacción:

«3. Non serán obxecto de homologación os títulos extranxeiros que xa fosen homologados en España.»

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira sexta. *Habilitación normativa.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira sétima. *Aplicación.*

Autorízase a Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades para ditar as instrucións necesarias para a aplicación do presente real

decreto, tales como unha guía para facilitar a implantación do suplemento europeo ao título de doutor ou doutora.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de maio de 2016.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
ÍÑIGO MÉNDEZ DE VIGO Y MONTOJO

ANEXO I

Modelo de suplemento europeo ao título de doutor ou doutora



Escudo ou emblema
da universidade

**SUPLEMENTO EUROPEO AO TÍTULO (SET)
DIPLOMA SUPPLEMENT (DS)**

Este suplemento ao título axústase ao modelo elaborado pola Comisión Europea, o Consello de Europa e a UNESCO/CEPES. A súa finalidade é proporcionar a información independente necesaria para mellorar a transparencia internacional e o xusto recoñecemento académico e profesional das cualificacións (diplomas, títulos, certificados, etc.). Está deseñado para describir a natureza, nivel, contexto, contido, aseguramento da calidade e rango dos estudos seguidos e completados con éxito pola persoa que se menciona no título que este suplemento acompaña. Débense evitar xuízos de valor, posibles equivalencias ou suxestións de recoñecemento. Débense completar todas as seccións e, en caso contrario, explicar os motivos por que non se fixo.

This Diploma Supplement follows the model developed by the European Commission, Council of Europe and UNESCO/CEPES. The purpose of the supplement is to provide sufficient independent data to improve the international transparency and fair academic and professional recognition of qualifications (diplomas, degrees, certificates etc...). It is designed to provide a description of the nature, level, context, content and status of the studies that were pursued and successfully completed by the individual named on the original qualification to which this supplement is appended. It should be free from any value judgements, equivalence statements or suggestions about recognition. Information in all eight sections should be provided. Where information is not provided, an explanation should give the reason why.

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO TITULADO

1. INFORMATION IDENTIFYING THE HOLDER OF THE QUALIFICATION

1.1 Apelidos/ 1.1 Family name(s)

1.2 Nome(s)/ 1.2 Given name(s)

1.3 Data de nacemento (día/mes/ano)/ 1.3 Date of birth (day/month/year)

1.4 Número de identificación/ 1.4 Identification number

Documento nacional de identidade/ *Pasaporte/ NIE + opcionalmente*, código persoal do titulado asignado pola institución de Educación Superior que expide o título + número do Rexistro Nacional de Titulados.

2. INFORMACIÓN SOBRE A TITULACIÓN

2. INFORMATION IDENTIFYING THE QUALIFICATION

2.1 Nome da titulación e título conferido (en idioma orixinal)/ 2.1. Name of qualification and title conferred (in original language)

- Denominación da titulación e do título que se outorga ao seu posuidor, coa denominación que, en cada caso, figure no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, así como a data do acordo do Consello de Ministros en que se establece a súa oficialidade.
- Status e tipoloxía: especifíquese se é titulación nacional, titulación conxunta nacional ou titulación conxunta internacional (neste último suposto, se procede, deberase especificar o nome da titulación obtida no/s outro/s país/es).
- Se for o caso, información referente a mencións ou selos de calidade/excelencia da titulación.

2.2 Principais campos de estudo da titulación/ 2.2 Main fields of study for the qualification

Indíquese a rama de coñecemento en que se encadra o título e, se for o caso, especialización.

2.3 Nome e status da institución que outorga o título (en idioma orixinal)/ 2.3. Name and status of awarding institution (in original language)

- Nome e status (pública/ privada/ da Igrexa Católica) da(s) institución(s) que outorga(n) o título.
- Información referente a mencións/selos de calidade/excelencia e o seu período de vixencia da(s) institución(s) que outorgan o título.

2.4. Nome e status da(s) institución(s) que imparten o programa no caso de que sexa distinta á institución que expide o título (en idioma orixinal)/ 2.4 Name and status of institution(s) (if different from 2.3) administering studies (in original language)

- Poderase incluír o nome (na lingua orixinal) de colaboradores externos (organismos, centros, institucións e entidades I+D+i, públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros) incluídos, se for o caso, no convenio.

2.5 Lingua(s) utilizada(s) na docencia e avaliación/ 2.5 Language(s) of instruction/examination

Segundo o programa de estudos aprobado.

**3. INFORMACIÓN SOBRE O NIVEL DA TITULACIÓN
3. INFORMATION ON THE LEVEL OF THE QUALIFICATION****3.1. Nivel da titulación/ 3.1 Level of qualification**

Indíquese o nivel correspondente de acordo co Marco europeo de cualificacións de educación superior (os ciclos de Boloña) e encádrese no sistema educativo español (Marco español de cualificacións de educación superior- Mecés) e, cando o marco lexislativo o permita, menciónese o seu nivel dentro do Marco español de cualificacións de aprendizaxe ao longo de toda a vida (Mecu). Referenciar tamén o nivel da titulación dentro do Marco europeo de cualificacións (The European Qualifications Framework –EQF-).

3.2 Duración oficial do programa/ 3.2 Official length of programme**3.3 Requisitos de acceso/ 3.3 Access requirements****4. INFORMACIÓN SOBRE OS CONTIDOS E RESULTADOS OBTIDOS
4. INFORMATION ON THE CONTENTS AND RESULTS GAINED****4.1 Forma de estudo/ 4.1 Mode of study****4.2 Requisitos do programa/ 4.2 Programme requirements**

No caso de programas conxuntos internacionais, proporciónense detalles sobre os requisitos mínimos para a obtención do título.

4.3 Detalles do programa (inclúanse as actividades formativas desenvolvidas e de investigación realizadas conducentes á obtención do título) e cualificacións obtidas/ 4.3 Programme details (training and research activities leading to the qualification) and the individual grades obtained

(PARTE INCORPORADA NO ANEXO SITUADO AO FINAL DESTE DOCUMENTO)

(SEE ANNEX AT THE END OF THIS DOCUMENT)

4.4. Sistema de cualificación/ 4.4 Grading scheme

Descríbase segundo a normativa aplicable.

4.5 Cualificación global do/a titulado/a e, se for o caso, mencións/ 4.5 Overall classification of the qualification (in original language) and, if appropriate, special mentions

Non procedel/ *Not applicable*

5. INFORMACIÓN SOBRE A FUNCIÓN DA TITULACIÓN**5. INFORMATION ON THE FUNCTION OF THE QUALIFICATION****5.1 Acceso a estudos posteriores/ 5.1 Access to further study**

O título de doutor é o máximo grao académico que se outorga no sistema universitario español
The doctoral degree is the highest academic degree awarded in the Spanish university system

5.2. Obxectivos da titulación (incluíndo perfil de competencias, sempre que sexa posible) e cualificación profesional (se procede)/ 5.2 Stated objectives associated with the qualification and professional status (if applicable)**6. INFORMACIÓN ADICIONAL****6. ADDITIONAL INFORMATION****6.1 Información adicional/ 6.1 Additional information**

Información que non fose incluída nos números anteriores, de acordo coa normativa vixente sobre contidos susceptibles de incorporación ao suplemento europeo ao título.

6.2 Fontes de información adicional/ 6.2 Further information sources Fontes que proporcionen máis detalles sobre a titulación**7. CERTIFICACIÓN DO SUPLEMENTO****7. CERTIFICATION OF THE SUPPLEMENT****7.1 Data de expedición/ 7.1 Date of issuing**

Data de expedición do suplemento ao título (día/mes/ano)


7.2. Nomes e sinaturas dos asinantes/ 7.2 Names and signatures

A do secretario xeral da universidade expedidora do título, que podería ir impresa no documento, e a do responsable administrativo da información que se reflicte no suplemento, que non poderá ir carimbada.

7.3. Cargo dos asinantes/ 7.3 Capacity of the certifying individuals**7.4. Selo oficial da universidade expedidora/ 7.4 Official stamp or seal****8. INFORMACIÓN SOBRE O SISTEMA NACIONAL DE EDUCACIÓN SUPERIOR****8. INFORMATION ON THE NATIONAL HIGHER EDUCATION SYSTEM**

No caso de titulacións españolas, este número completarase transcribindo o modelo uniforme do sistema universitario español, que proporciona información referente a requisitos de acceso universitario, tipo de institucións, sistema de aseguramento da calidade das titulacións e institucións. Ademais, describirase o Marco español de cualificacións de educación superior (Meces), así como o Marco español de cualificacións de aprendizaxe ao longo da vida (Mecu), cando o marco legislativo o permita. Este último marco debe ser compatible co Marco europeo de cualificacións (The European Qualifications Framework), polo que será conveniente referencialo. Todo isto servirá para proporcionar o contexto e situar a titulación e o seu nivel ao longo da descrición.

No caso de titulacións conxuntas internacionais, ademais, información sobre os marcos nacionais de cualificacións dos respectivos países das institucións do consorcio, se o marco legislativo o permite, e dos seus sistemas de educación superior e aseguramento da calidade poderanse incluír neste número.



ANEXO/ANNEX

RELATIVO AO NÚMERO 4.3 Detalles do programa (inclúanse as actividades formativas desenvolvidas e de investigación realizadas conducentes á obtención do título) e cualificacións obtidas

4.3 Programme details (training and research activities leading to the qualification) and the individual grades obtained

- **Título de acceso/ Access to the programme**
 - **Data da completa finalización do programa conducente á obtención do título/ Completion date of the programme leading to the awarding of the diploma**
 - **Descrición do programa conducente ao título/ Programme details**
- A. Complementos de formación específicos** (se os houber)
- B. Documento de actividades de formación do doutorando** (se proceder, participación en proxectos de investigación, publicacións, patentes, comunicacións en congresos, estadias noutras universidades ou centros de investigación, bolsas ou contratos de investigación, outros méritos de investigación ...)
- C. Tese de doutoramento:** ao menos, título, liña/s de investigación, director/titor, duración (contando desde a admisión á data de defensa), lingua de redacción e lingua de defensa, membros do tribunal, cualificación, outras informacións relevantes sobre a tese.